



CONCELLO DE
OLEIROS

> PERSOAL E RRHH

RESOLUCIÓN

O día 28 de febreiro de 2023, o Director do Centro Municipal de Formación informa da resolución da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondente á convocatoria do programa PEL-Concellos ano 2025.

Esta subvención está solicitada ao abeiro do programa PEL Concellos-2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos Concellos da provincia, incluído no Plan de Emprego Local, cuxas bases reguladoras xerais e específicas publicáronse no BOP nº 190, do 2 de outubro de 2024.

A subvención concedida ao Concello de Oleiros corresponde á contratación de catro traballadores/as durante cinco meses (2 operarios/as de servizos xardineiro/a e 2 operarios/as de servizos electricista).

Para a selección do dito persoal presentouse unha oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia. Tamén se publicou un anuncio da convocatoria na páxina web municipal, para permitir a libre concorrencia de persoas, ademais das seleccionadas polo Servizo Público de Emprego.

O prazo de presentación de solicitudes foi de 3 días hábiles e rematou o día 12 de marzo de 2025.

Co obxecto de cumprimentar a tramitación administrativa coa realización das entrevistas profesionais.

No exercicio das facultades atribuídas ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que p.d., en virtude do decreto do alcalde núm: 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de Alcaldía;

RESOLVO:

1.- Determinar que o tribunal que xulgará a entrevista persoal estará formado polos seguintes membros:

PRESIDENTE/A:

Titular: María Soledad de Arriba Docal

Suplente: Susana Miranda Fernández

SECRETARIO/A:

Titular: María Vázquez Tenjido

Suplente: Dolores Aneiros Montero

VOGAIS:

Titular: Manuel Ramón Lema Pombo

Suplente: Bárbara Caramés Abeijón

Titular: Ramón Enrique Martín Palma

Suplente: Juan Ramón García Fernández

Titular: David Puñal Prol

Suplente: Andrés Siso Vecino

2.- Convocar ao Tribunal para a realización da entrevista profesional, que terá lugar o día 25 de marzo de 2025 -ás 10.00 horas para os operarios/as de servizos-xardineiros/as e ás 11.30 h para os/as





CONCELLO DE
OLEIROS

> PERSOAL E RRHH

operarios/as de servizos electricistas- no Centro Municipal de Formación (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

3.- Notificar esta resolución aos membros do tribunal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola segunda tenente de alcalde delegada de Persoal en funcións, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

